

NORMAS DA COMISIÓN DEONTOLÓXICA

ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE VETERINARIOS DE LUGO

A Comisión Deontolóxica aparece regulada nos artigos 19 “Comisións Asesoras” e 20 “Da Comisión Deontolóxica” dos Estatutos do Ilustre Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo, aprobados en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 3 de xullo de 2014.

CAPÍTULO II

Das comisións

Artigo 19. Comisións asesoras

No Colexio poderán existir aquelas comisións que, no momento oportuno, se consideren necesarias, con finalidade exclusivamente asesora, sobre cuxa creación, funcións e desenvolvemento se informará á Asemblea Xeral de Colexiados. En todo caso, existirá unha comisión deontolóxica que asesorará e informará a Xunta de Goberno nos expedientes disciplinarios que se incoen aos colexiados.

Esta comisión será presidida polo presidente ou vogal en quen este delegue, e actuará como secretario destas, o secretario do Colexio, o vicesecretario ou colexiado en quen eses deleguen. Os seus membros inescusablemente deberán ser colexiados.

A comisión estará integrada polos veterinarios que sexan nomeados pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial.

Os estudos, propostas e conclusións da comisión serán remitidos á Xunta de Goberno, a cal decidirá se deben ser expostos e defendidos, se é o caso, polo membro que designe a comisión correspondente diante da Asemblea Xeral de Colexiados.

A programación dos temas obxecto de estudo poderá ser proposta pola Xunta de Goberno, a propia comisión ou polo presidente do Colexio.

Habilitaranse os medios económicos necesarios para o desenvolvemento dos programas de traballo, cuxa contía será aprobada pola Asemblea Xeral de Colexiados.

Artigo 20. Da Comisión Deontolóxica

1. Con carácter permanente existirá unha Comisión Deontolóxica que estará composta polos seguintes membros:

a) O presidente do Colexio ou persoa en quen delegu, que actuará como presidente.

b) O vogal a quen se asignen as tarefas correspondentes á Sección de Deontoloxía, que actuará como secretario.

c) Un mínimo de tres e un máximo de seis colexiados nomeados pola Xunta de Goberno, que representen aos colexiados exercentes nos distintos ámbitos da actuación profesional que existen na provincia, para o cal a Xunta de Goberno poderá solicitar das asociacións representativas dos distintos sectores profesionais, existentes no seo dos colexios, por proposta daqueles colexiados que estimen máis idóneos para formar parte da comisión.

2. As funcións da comisión deontolóxica serán:

a) Conseguir informes de profesionais ou emitir informes non vinculantes, por petición do instrutor ou da Xunta de Goberno, en calquera das fases do procedemento disciplinario.

b) Propoñer á Xunta de Goberno cantas actuacións crea convenientes para unha mellor ordenación e deontoloxía profesional.

c) Informar de cantos proxectos de normas de orde deontolóxica ou relativo á ordenación profesional se elaboren.